

ACORDO DE INVESTIDURA BNG E PSOE

O Partido Socialista Obrero Español (PSOE) e o Bloque Nacionalista Galego (BNG), asinan o presente acordo, comprometéndose o Bloque Nacionalista Galego a votar favorablemente á investidura de Pedro Sánchez-Castejón como Presidente do Goberno e comprometéndose, á súa vez, o candidato e o Goberno español a:

1. Avanzar no reforzo da capacidade de decisión do autogoberno galego, mediante a proposta de convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias Estado-Xunta de Galicia (primeiro trimestre de 2020), para programar, durante a presente lexislatura, a activación da transferencia da totalidade das competencias pendentes recollidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, así como das competencias que foron obxecto de consenso no Parlamento galego. (Anexo con relación).

2. Impulsar, a través do diálogo entre partidos e institucións, as reformas necesarias para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento dos sentimentos nacionais de pertenza. Tendo en conta o actual status de Galicia, Euskadi e Cataluña como nacionalidades históricas, comprometerse a que calquera modificación da estrutura territorial do Estado, asegurará a Galicia o mesmo status que as outras dúas.

3. Apoio á lingua galega:

a. Normalización do uso do galego na administración periférica do Estado, na administración de Xustiza, así como o respecto á toponimia galega.

b. Recuperar horas de emisión dos medios de comunicación públicos estatais en desconexión para Galicia e na lingua galega.

c. Facilitar a execución dos acordos do Congreso e do Parlamento galego para a recepción en Galicia das radios e televisións portuguesas.

4. Compromisos con infraestruturas básicas:

a. Aprobar no Congreso dos Deputados a Proposición de Lei do Parlamento de Galiza para a transferencia da AP-9 ao longo do ano 2020, e incluír esta autoestrada nos esquemas de compensación para a rebaixa das peaxes que se poñan en marcha para as concesións de longo prazo aínda vixentes, garantindo como mínimo a bonificación de 100% da peaxe para os usuarios recorrentes (dúas veces ou máis ao día), tanto particulares como profesionais, durante todos os días da semana. O custo desta bonificación corre a cargo dos Orzamentos do Estado e aplicarase a partir da aprobación dos PGE de 2020. Gratuidade do tramo Vigo-Redondela.

Ademais, establécese o compromiso de eliminar durante a lexislatura o impacto nos usuarios da AP-9 do incremento extraordinario acumulativo durante 20 anos, contemplado nos Reais Decretos 1733/2011 e 104/2013 e as súas adendas e desenvolvementos posteriores. Así mesmo, acórdase a execución do coñecido como “nó de bombeiros” na cidade de Pontevedra.

b. Modernizar a rede interior ferroviaria galega, acelerando a modernización, con actuacións concretas ao longo da presente lexislatura, para os seguintes tramos, como mínimo: A Coruña – Ferrol, A Coruña- Lugo e Vigo-, Fronteira Portuguesa no eixo atlántico ferroviario, así como a electrificación do tramo Ourense-Lugo. Modernizar, así mesmo, a liña de FEVE que conecta Ferrol con Xixón.

c. Actuar sobre a rede ferroviaria de mercadorías (Corredor Atlántico en Galicia), presentando proxectos que permitan acceder aos fondos europeos CEF cando se abra o novo prazo de axudas no ano 2021. Completar a conexión dos portos exteriores de Ferrol e Coruña á rede

ferroviaria, durante o ano 2020. Ademais, cabe destacar que a proposta presentada por España #ante a Comisión Europea contempla a inclusión do itinerario A Coruña-Vigo-Ourense-León como ampliación do Corredor Atlántico en Galicia, e por conseguinte que este itinerario inclúase no novo Regulamento de financiamento da rede transeuropea de transportes (a partir de 2021).

d. Impulsar o saneamento e rexeneración das Rías Galegas, e en concreto:

di. Reactivar o plan de dragaxe, rexeneración e recuperación da Ría do Burgo, recuperando os fondos xa orzados polo Estado (24 millóns de euros) e solicitando os fondos accesibles da Unión Europea.

dii. Asegurar o cumprimento por parte de ELNOSA das súas obrigacións en relación coa reversión dos terreos que foron obxecto de concesión, para garantir a súa limpeza e posterior recuperación no ano 2020.

O Goberno maniféstase a favor do traslado da planta de ENCE a outro enclave máis adecuado ambiental en Galiza, a través dunha fórmula que permita manter o emprego.

5. Participar nos procesos de descarbonización e de maneira máis xeral na transición enerxética a un modelo sustentable, impulsando unha transición enerxética xusta que implique compensacións territoriais, incentivos e o reforzamento do tecido industrial compatible co novo modelo.

Neste ámbito, e para o caso específico de Galiza:

a. Realizar as modificacións necesarias para incluír a Galiza no Plan de Acción Urxente para Países do Carbón e Centrais Pechadas 2019-2021 (Estratexia de Transición), baixo as mesmas condicións e dereitos que Aragón, Asturias e Castela-León. Desenvolveranse as modificacións necesarias e convocaranse as reunións de traballo sobre accións e Convenios de Transición Xusta (As Pontes e Cerceda) coa máxima urxencia, debendo asinarse no primeiro semestre de 2020, e especificando en cada un deles as accións a realizar e as asignacións orzamentarias, que dependerán do impacto do fechamento e dos

investimentos que poidan xerar mellores réditos para o mantemento de actividade e emprego.

b. No marco do carácter participativo e transparente da Estratexia de Transición, os sindicatos representativos con presenza nos centros afectados participarán no comité de supervisión ministerial-sindical recollido no Acordo para unha transición enerxética xusta para centrais eléctricas pechadas: emprego, industria e territorios 2019-2050, así como, en todo caso, nos convenios subscritos na Galiza.

c. Desenvolver as accións necesarias, de maneira inmediata, para incluír a Galicia no chamado "equipo de país" da Plataforma Europea para as Rexións Mineiras en Transición, xunto con Aragón, Asturias e Castela e León.

6. En relación co Estatuto de Empresas Electointensivas, en tramitación, deberán terse en conta os seguintes criterios:

a. Con carácter xeral, liberar a factura de cargos que non teñan relación directa co funcionamento do sistema eléctrico en calquera caso non serán imputados á tarifa que pagan o resto de consumidores. Ademais, adoptar medidas orientadas a reducir da factura enerxética da industria electointensiva (avalando con instrumentos de garantía pública a contratación bilateral de enerxía e mantendo a cobertura de custos indirectos de CO₂). Antes de 21 de marzo de 2020 constituirase unha mesa tripartita permanente (en que participarán os sindicatos máis representativos na Galiza) para avaliar a evolución dos custos, da incidencia de peaxes e cargos da factura eléctrica, as melloras de eficiencia, a evolución da demanda e oferta en mercados internacionais, as melloras en innovación, e a incidencia no número e calidade dos empregos na industria electointensiva.

b. Exixir como contrapartida ás empresas que se acollan ao Estatuto un esforzo en investimentos e melloras nos procesos produtivos que reduza o impacto ambiental e garanta manter e ampliar o emprego directo.

c. Tamén con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, las industrias electrointensivas tendrán la máxima compensación permitida por la UE, por costes de emisiones indirectas de CO2, para competir con industrias similares instaladas en otros lugares del mundo donde no se limitan las emisiones de dióxido de carbono.

7. Adicionalmente, reforzarse a axenda industrial galega para poñer ao dispor do seu tecido industrial todos os instrumentos de política industrial como o Plan Reindus, IC4, subvenciones CO2, etc. Así mesmo reforzaranse as actuacións do ICEX e Cofides no acompañamento ás empresas galegas na súa internacionalización, a EOI para atraer e reter talento e ENISA para impulsar o emprendemento.

Prestarase unha especial atención á industria naval, que articula a produción de riqueza e emprego nas áreas de Vigo e de Ferrol, recuperando a actividade de Barreiras e Vulcano, e convertendo Navantia nun complexo industrial integral que apoie a súa actividade na construción naval civil, así como ao seguimento e intervención nas empresas do sector do aluminio, poñendo en marcha de forma inmediata a Mesa de traballo sobre Alcoa-San Cibrao, con presenza da empresa, os sindicatos e as administracións. E efectuando un seguimento preciso para garantir o cumprimento dos compromisos de investimentos e mantemento do emprego por parte dos novos propietarios de Alcoa-A Coruña (Parter Capital).

8. Modificación da Lei Integral contra a Violencia de Xénero e a Lei Orgánica do Poder Xudicial, a fin de poder considerar os delitos sexuais contra as mulleres como violencia de xénero, e ampliar o número de xulgados de violencia de xénero en Galicia e, en concreto, de maneira urxente, en Santiago de Compostela, Lugo e Ourense, en colaboración co Consello Xeral do Poder Xudicial.

9. O Goberno adquire nesta lexislatura de achegar o 50% estábel queo compromiso de achegar o 50% estable que corresponde á Administración Xeral

do Estado para o financiamento da Lei de Autonomía Persoal e de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, coas especificidades que corresponden á Galiza, para compensar o sobre custo na prestación nestes servizos debido a dispersión e ao envellecemento da poboación así coma o recortes producidos a partir do ano 2012.

10. Durante 2020, serán adoptadas as medidas necesarias para evitar que as prestacións recibidas desde o estranxeiro por emigrantes retornados sufran unha dobre tributación, co obxectivo de evitar calquera trato discriminatorio entre a prestación interna e a estranxeira. Así mesmo, tratarase o prexuízo para os pensionistas tanto na aplicación de limiares diferentes de renda para tributar no IRPF, como na circunstancia de recibir rendas de dous pagadores diferentes. Establecerase un marco homoxéneo para todas as pensións, contemplando as exencións de presentar IRPF e tributación a partir das mesmas cantidades que as pensións internas.

11. Analizar as fórmulas para mellorar progresivamente as taxas de reposición de efectivos nas administracións públicas, co fin de garantir o bo funcionamento dos servizos públicos.

12. O goberno estudará posíbeis compensacións tarifarias ás comunidades produtoras excedentarias de enerxía eléctrica, para abaratar a factura da luz, actuando sobre o custo de transporte, de forma que se compensen os custos sociais e ambientais producidos.

13. Derrogar a reforma laboral e da negociación colectiva, respectando os marcos autonómicos de relacións laborais. Impulsaremos o diálogo institucional incluíndo a todas as organizacións sindicais que gozan da condición de máis representativas a nivel estatal. Derrogar a reforma das pensións de 2013. Derrogar a LOMCE, o artigo 315.3 do Código Penal e a Lei “Mordaza”.

Co fin de garantir a verificación dos termos expostos no presente acordo, crearase unha comisión de seguimento que se reunirá regularmente con

carácter cuadrimestral ou ben cando calquera das dúas partes considéreo pertinente.